



### LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO

Orzamento: 2017

Expediente Nº: 38/142

Dirixido a: Responsable técnico da formación do Orzamento.

#### MEDIDAS DO ESTADO DE GASTOS

**CAPÍTULO 1.** En canto ao gasto de persoal, a variación será do 1% en relación co consignado no Orzamento do exercicio anterior, ou sobre a previsión de gasto que se vai executar, posto que esa porcentaxe é a prevista para a revisión das retribucións dos empregados públicos.

Dada a data na que nos atopamos, o Orzamento Xeral do Estado para o ano 2017 vai ser a prórroga dos do ano 2016, cos axustes á baixa e alta que procedan de acordo co previsto no artigo 38 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, General Presupostaria, polo que, se non se aprobase un Real Decreto Lei, que posibilitase a actualización dos salarios dos funcionarios públicos, o capítulo I mantería a contía prevista no orzamento do ano 2016.

A dotación posibilita facer fronte a plantilla vixente, que inclúe ao persoal funcionario de carreira, interino, persoal laboral fixo, laboral temporal así como o persoal eventual.

**CAPÍTULO 2.** A súa dotación, que deberá incluír a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en tramitación, tendo en conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato, o seu incremento non superará o 2,6% en relación coa dotación do ano anterior.

**CAPÍTULO 3.** Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses de demora, execución de avais e outras garantías. Non hai que facer dotación algunha para xuros de débeda ou préstamos, xa que o Concello non ten ningunha operación viva, polo que non hai devengo de xuros por préstamos.

**CAPÍTULO 4.** As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes.

Sobre a contía do ano precedente, hai que facer unha dotación adicional para incrementar a dotación ás políticas sociais do transporte público urbano con 475.000,00 euros, a variación non superará o 2 % en relación co ano 2016.





## CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº 38/142

Capítulo 5. O Fondo de continxencia terá unha dotación de 600.000,00 euros, que será coincidente ca prevista para o ano 2016.

CAPÍTULO 6. A cobertura con financiamento propio para os empregos en investimentos reais non será inferior a 12 millóns de euros, e deberá representa unha porcentaxe non inferior co 5,3% dos gastos correntes non financeiros.

CAPÍTULO 7. As transferencias de capital, unha vez feito o axuste de consolidación da Xerencia Municipal de Urbanismo, a dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AA.VV, debendo manterse a mesma contía a esta finalidade ca prevista no orzamento do ano 2016.

CAPÍTULO 8. Os activos financeiros están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en gastos; manténdose a dotación do ano anterior.

En Canto ás políticas de gastos, seguindo as instrucións da Alcaldía Presidencia, teñen que dar cumprimento a determinados criterios.

Os servizos públicos básicos, no que se inclúen os servizos de seguridade, tráfico, servizo contra incendios, medio ambiente, servizo de recollida e limpeza viaria, parques e xardíns, alumando público, mantemento do sistema viario e urbanismo, ten que experimentar unha mellora nas súas dotacións, estimándose que esta debe estar por enriba do 0,2%.

En canto ás prestacións de acción social, vanse a incrementar o número de horas en servizos de Axuda no Fogar e unha mellora no centro de servizos sociais, que vai supor un incremento nas dotacións orzamentarias dun 10%.

As políticas de emprego van a manter a intensidade dos anos de crise, polo que as súas dotacións manteñen a contía do ano precedente.

A política 32, Educativa, hai que facer unha dotación a alza dun 1,8%.

Tamén é unha prioridade a cultura, polo que se vai a facer un esforzo nesta política, por que se establece como obxectivo un crecemento do 2%.

O Deporte non é unha excepción, polo que tamén se vai a facer un esforzo adicional dun 1%, enriba do feito no ano 2016.

### MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO 1. Os impostos directos comprenden o Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos terreos de natureza urbana. A variación que se terá en conta axustarase ao contido das ordenanzas que están en trámite, axustando ademais, os padróns as variacións tendenciais da conxuntura económica.





As variacións máis salientables van a ser a do IBI por axustes nos obxectos tributarios, prevéndose unha variación positiva do 2,2%, mentres que o IVTM van ter un axuste á baixa do 2,1%.

As demais variacións non terán relevancia, e serán axustes en relación coa execución do ano 2016.

En relación co imposto cedido polo Estado en relación co IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHAP, que a esta data non está notificada, establecéndose

Esta variación aplicarase para a cesión do IVE e II.EE, así como para o FCF, que se reflicten no capítulo 2 e 4 do estado de ingresos.

A variación do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos, tendo en conta a recadación que se está producindo a esta data, espérase un crecemento do 3,3%.

**CAPÍTULO 2.** Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, poderá ter un incremento do 6,6% en relación coa previsión do ano precedente.

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF.

**CAPÍTULO 3.** Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, tendo en conta a execución que se está a producir, o incremento vai ser próximo ao 0,7%, facéndose si cabe os axustes á baixa en relación co servizo de grúa.

**CAPÍTULO 4.** O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe fundamental no Fondo Complementario de Financiamento e na Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma. En canto aos primeiros, a variación en relación coas entregas a conta do ano 2016 incrementaranse nun 1 %.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma manterase invariable.

En relación coa subvención para o servizo de Axuda no fogar incrementase tendo en conta a notificación feita pola Xunta de Galicia polo aumento das horas de servizo que se van a prestar, sendo este incremento de 400 mil euros.

Para o servizo do CEDRO mantense a mesma previsión ca do ano 2016.

A subvención ao transporte público colectivo urbano prevese a mesma contía ca do ano precedente, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste.

Figuran dúas previsións que son consecuencia dos convenios asinados coa Excelentísima Deputación de Pontevedra: Un en relación coa promoción turística por unha contía de 233.000,00 euros e outro co programa de asfaltado por unha contía de 902.000,00 euros.

O incremento global deste capítulo terá que estar ao redor de 3,5%, o que supón unha pequena variación en relación coas liñas fundamentais do orzamento remitidas ao MINHAP, sendo a consecuencia estes dous convenios, aínda que xa se estaba a facer unha previsión.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2016 08:48	Páxina 3 de 4
Expediente 38/142	Código de verificación: 25EB4-8A8C4-ACEB2-55552	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº 38/142

**CAPÍTULO 5.** Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles e rendementos financeiros. Este capítulo ten que ser obxecto dun axuste en función dos tipos de retribución dos excedentes financeiros. Tendo en conta que os tipos de retribución xa están ofertados polas entidades que se presentaron ao procedemento aberto de contratación para a selección de entidade xestora na recadación, sendo a oferta que resultou seleccionada a que ofertou 20 e 15 puntos básicos por encima do custe efectivo do Estado a tres e 12 meses, polo que o rendimento medio non se prevé mais que 50 puntos básicos, que deberán ser aplicados á previsión que se estableza de saldos medios, polo que se prevé unha redución neste capítulo dun 3,3%.

**CAPÍTULO 6.** Os alleamentos de investimentos reais comprenden os ingresos polas transaccións das parcelas. Non se prevé ningún, ademais, de producirse, tramitaríase a preceptiva modificación orzamentaria por xeración de créditos nos estados de gastos, sendo o emprego destes recursos de aplicación obrigatoria, salvo excepción, a operacións de capital.

**CAPÍTULO 7.** O Capítulo VII de Transferencias de Capital do Orzamento de Ingresos, non ten previsto contía algunha. Se no transcurso do ano 2017, se asinase un convenio de cooperación para o financiamento de infraestruturas, tería que reflectirse neste capítulo, coa tramitación da preceptiva modificación orzamentaria por xeración de créditos no estado de gastos.

**CAPÍTULO 8.** Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes.

**CAPÍTULO 9.** Pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Nas políticas marcadas polo goberno, non está previsto a concertación de operación de débeda no ano 2017, estando os investimento financiados na súa totalidade polo superávit orzamentario

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA

(Delegación, Resolución Alcaldía de 19/06/2015)

Jaime Aneiros Pereira



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 08/11/2016 08:48

Páxina 4 de 4

Expediente 38/142

Código de verificación: 25EB4-8A8C4-ACEB2-55552

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>